

## FOTOS

- 1 - veunos unha marea de sombras e todo foi silencio, o silencio frío do espanto
- 2 - por aquí derivou o Prestíge baleirando o seu noxo
- 3 - costa da morte, costa da vida sempre
- 4 - que era coma un vómito, un cólico mineral
- 5 - deixando sobre as ondas o seu ronsel de náusea
- 6 - sospeitando que había algo final nesta agonía
- 7 - as feridas do vento retratadas nos paxaros sen voo
- 8 - este mar devolve o que non reconece, como quen expulsa un cálculo
- 9 - Nunca Máis nos camposantos, nas encrucilladas, nos coídos e nas fragas
- 10 - ceibou sobre as ondas o seu esperma de morte
- 11 - negras coma as propias sombras
- 12 - aquí os mariñeiros visten escamas baixo o traxe de augas
- 13 - a mortalla da ausencia
- 14 - o límite das pescas sobre esa mar maior que nos deu vida
- 15 - é este un mar de despedidas, de raios verdes e embarcacións de pedra
- 16 - este é un mar de constancias infinitas, arrebatado e escuro
- 17 - pensaron que só no mar estaba o seu destino
- 18 - foron entón a pesca e a seitura, a salga e o afumado
- 19 - na incerteza da espera
- 20 - recenden a salitre
- 21 - baixo un firmamento de estrelas, soñaron cardumes
- 22 - un mar de crebas, que expulsa o que supón alleo
- 23 - Man e o seu museo de formas coma curvas de aire



**FOTOGRAFIAS:** Clara Menéres

23 fotografías a preto e branco 31 X 46,5 cm  
ampliacións manuais em papel semi-mate

**NIGREDO - espaço sonoro**

**DIRECÇÃO:** Clara Menéres

**SONOPLASTIA:** Luís Afonso e Paulo de Sousa

**MONTAGEM:** Museu Municipal de Portimão - DMP/MMP

Dep.º Obras e Serviços Gerais - DOSG/CMP




# EXPOSIÇÃO

## Nigredo

*de Muxía a Malpica*

Fotografias de Clara Menéres



**Portimão**  
Câmara Municipal

**Museu Municipal de Portimão**

apoio:

**barlavento**

**Museu Municipal de Portimão**  
12 a 30 Dezembro 2003



# Nigredo

## *de Muxía a Malpica*

Nigredo é a sombría fase do proceso alquímico, a obra ao negro que envolve a vida num manto de morte para depois ressuscitar. O "*Prestige*" foi o ventre que gerou a maré negra de tristeza e destrución que rebaptizou a Costa da Morte. Galiza e Portugal têm destino comum, ligados pela língua e pelo mar que lhes dá sustento e desejo de voar sobre as águas, partilhando o mundo.

Muxía e Malpica são duas povoações costeiras diferentemente afectadas pelo desastre do "*Prestige*". Em Muxía, a maré negra invadiu a cidade, subindo da praia pelo paredão à praça, manchando as paredes das casas. Em Malpica, reteve no porto as embarcações, paralisou a faina, fez descer o silêncio sobre os armazéns de peixe, amontoou as embalagens vazias, as redes e as artes de pesca.

Clara Menéres

## *Costa da morte, costa da vida sempre*

Este é un mar de constancias infinitas, arrebatado e escuro, un mar que se sabe anterior ó tempo, á valentía das proas, á chamada das sereas. É este un mar de despedidas, de raios verdes e embarcacións de pedra, un mar de crebas, que expulsa o que supón alleo, agás os cascos dos buques perdidos e a tristeira canción dunha compañía náufraga.

Galicia fíxose mar nas rías, no labrego espreitar dende os outeiros, no doce abalar dunha cantiga de auga, pero tamén nos cantís afiados, no ronco respirar das furnas, nas badaladas da brétema. Galicia fíxose mar quizais só por un soño, se cadra por unha vocación de occidente e de illas perdidas que alguén quixo explicar, que moitos decidiron buscar e compartir. Foi mar tamén Galicia por completar a dieta cereal, por redimirse da fame, por invocar fartura. Naceu así un peirao en cada abrigo e arredor un espacio de vida, un xeito de comprender o mundo, de bailar co pé descalzo, de interpretar o loito, de vendimar o argazo. Foron entón a pesca e a seitura, a salga e o afumado, a seca do polbo cabezón e do congro esquío, o perseguir baleas sobre vales de espuma e argallar palangres coma contas dun rosario ofrecido cada día a un deus abisal e sen alma.

Os homes desta costa aprenderon entón a navegar, antes incluso que a pronunciar a fala. Medraron contra o leme, espabilaron o corpo correndo por beiradas nas que durmían as dornas e as chalanas. Pensaron que só no mar estaba o seu destino e así crearon mastros, teceron artes e velas, trazaron periplos invisibles baixo un firmamento de estrelas, soñaron cardumes, perseguiron ardoras, máis alá da protección do cabo e da repetida derrota da alborada. Aquí os mariñeiros visten escamas baixo o traxe de augas, recenden a salitre e cantan vellos alalás e habaneras con sabor de nostalxia, ecos de acordeóns ultramarinos que afogan a lembranza dos abrazos.

Aquí as mulleres perciben o futuro que se escribe máis alá do horizonte, instinto primario que lles aprende a ler nas vocais do aire, no epidérmico reflectir das correntes, no trazo do fume, que é veleta que anticipa as sombras. Segundo a segundo as mans destas mulleres enfián a levedade barroca das rendas que adornarán o leite que comparten e a fiestra das esperas. O son dos birlos no ceo da solaina é o repenicar da afouteza e, ás veces, a mortalla da ausencia.

Esta é unha costa antiga e, sen embargo, hai algo aquí de primixenio, de natureza recén inaugurada, de mundo antes do mundo, de enerxía inaudita, de

mar que ascende polo monte e se confunde en bosque. Océano de faros coma cíclopes mansos ós que a técnica amurchou o corazón, pero que aínda deslumbran a noite coa luz dunha esperanza, que aínda rachan o vento co seu roncar de xigantes durmidos. Aquí é a Costa da Morte, a de promontorios de seixo, a das pedras afogadas, o tránsito cara un lusco fusco no que habita a tenrura e o feliz debalar dos sorrisos eternos. Costa da morte, costa da vida sempre.

Por aquí derivou o Prestige baleirando o seu noxo, deixando sobre as ondas o seu roncel de náusea. Arrastrado, coma un mastodonte condenado, ceibou sobre as ondas o seu esperma de morte. Xa quedou dito que este mar devolve o que non recoñece, como quen expulsa un cálculo, pero o fuel ou o esperma que deu o chapapote non era creba ou gandaia de mar purificada, nin pedra de sal, que era coma un vómito, un cólico mineral, unha condena para a inocencia gratuita dos araos, para o constancia inútil dos corvos mariños, que asfixiou o xogo das toniñas e dos caldeiróns, que apagou a danza ritual das bisbitas e dos mazaricos, que anulou a forza dos mascatos. Veunos unha marea de sombras e todo foi silencio, o silencio frío do espanto.

De Muxía a Malpica, da Virxe da Barca ó Santo Adrián, símbolos relixiosos para un sentir panteísta e pagano, velaí a Costa da Morte e no centro, Camelle e en Camelle Man, o alemán que era respirar de mar e que tamén perdemos. Man e o seu museo de formas coma curvas de aire. Por aquí andivo Clara Menéres, primeiro á descuberta dun mundo que intuía, á procura do valor esencial desta costa e das súas xentes, logo admitindo a nosa compañía. Por aquí andivo Clara, certificando o silencio, as feridas do vento retratadas nos paxaros sen voo, nas penedas conquistadas, nas nasas amoreadas na incerteza da espera. Por aquí andivo Clara, sospeitando que había algo final nesta agonía, un desenlace cruel para dous pobos, o portugués e o galego, canto do mesmo berce, que observan impotentes a destrución dunha parte de si, o límite das pescas sobre esa mar maior que nos deu vida.

Clara é testemuña de que veu logo a maruxía branca, días de esportas negras coma as propias sombras. Maraxe voluntaria e solidaria, esportas para deter o espanto. Ela escoitou ó nordés berrando contra os cons unha consigna, dúas palabras coas que esconxurar as tebras, o alento comunal da dignidade: Nunca Máis nos camposantos, nas encrucilladas, nos coídos e nas fragas, nas cocinas e nas prazas. Diso tratan as fotografías de Clara, quen deu ollos ó mar nos días da cegueira, que fixo seu o silencio e o berro, que dixo connosco Nunca Máis, que segue a soñar coa mar da vida, con esta Costa da Morte, de Muxía a Malpica por un mar liberado, sempre.

Francisco X. Fernández Naval  
Escritor galego